

PROXECTO DE FOMENTO

PARA O USO DO GALEGO

**EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA
"O BRIÓN"**

IES VAL MIÑOR DE NIGRÁN

CURSO 2014-2015

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. I.E.S. "VAL MIÑOR".

**PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO
CURSO 2014-2015**

ÍNDICE

1.-Breve estudo sociolingüístico do centro:

- a) Contorno sociolingüístico do centro.
- b) Situación do profesorado.
- c) Situación do alumnado
- d) Situación lingüística do centro.

2.- Descrición de obxectivos adecuados a cada un dos catro sectores mencionados.

3.- Descrición das actividades de dinamización lingüística para cada un dos obxectivos propostos.

4.- Cadro resumo de actividades.

5. Conclusións

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

I.E.S. “VAL MIÑOR”. NIGRÁN 2014-2015

1.- BREVE ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO:

a) Contorno sociolingüístico do centro.

O noso centro atópase emprazado nun contexto ambiental no que, dadas as súas características, se poden definir dous tipos de alumnos repartidos na seguinte proporción aproximada:

- Nun 70%, alumnos castelán-falantes no que o grao de familiaridade e coñecemento que se ten do galego, aínda que pasivo nalgúns casos, é bo.
- Nun 30%, alumnos galego-falantes.

A interacción entre os dous grupos non sempre é boa; a tendencia xeral para a convivencia entre ambos é o cambio lingüístico por parte dos galegofalantes; o cambio contrario non é frecuente, aínda que se pode atopar algún caso. Os alumnos galegofalantes, habitualmente, relaciónanse entre si, mantendo a súa lingua como vehículo de comunicación, que varía en canto se abre o grupo a outros falantes que non comparten a lingua.

O centro aséntase nunha zona semirrural, próximo ao centro urbano, que actúa como lugar de residencia dunha poboación maioritariamente de clase media e media-baixa, aínda que tamén hai alumnos procedentes de clase alta e clase baixa.

A grande maioría dos alumnos vive cos seus pais, ou cun deles, e só o 3% vive con irmáns, avós ou outros parentes. No caso de aproximadamente o 70% do alumnado teñen ao pai e á nai traballando fóra do fogar.

Os servizos culturais e de lecer dispoñibles son limitados. Non obstante, abundan os centros educativos de distintos niveis. Non existen problemas de marxinação acusada ou de conflito social de calquera tipo, nin características diferenciadoras con respecto ao resto da bisbarra.

b) Situación do profesorado.

O cadro de persoal do profesorado do instituto constitúeno 38 profesores e profesoras. Aproximadamente o 30% teñen como lingua vehicular, no centro, o galego.

O equipo directivo está formado por persoas encargadas da Dirección, a Vicedirección, a Xefatura de Estudos e da Secretaría. O equipo directivo ten como lingua de comunicación o galego en certas actividades tales como: claustros ou redacción de actas...; non obstante, en determinadas reunións a lingua de expresión escollida é o castelán.

A máxima instancia do goberno do centro é o Consello Escolar, no que se atopan representados todos os sectores do instituto: alumnos, pais e nais, profesorado, persoal non docente. As súas reunións non sempre se desenvolven en galego.

No cadro do persoal non docente contamos, en administración, cunha administrativa e

dúas bedeis en conserxería. Escollen a lingua galega para comunicarse cos compañeiros que a empregan habitualmente; entre elas exprésanse en castelán e diríxense nesta lingua aos castelanfalantes.

c) Situación do alumnado

No centro temos 355 alumnos. Aproximadamente o 65% do alumnado provén do núcleo urbano ou semiurbano, mentres que outro 35% procede de zonas rurais do entorno. A formación académica anterior é xeralmente axeitada, percibíndose algunhas lagoas específicas no alumnado que vén do medio rural.

A lingua de comunicación dentro das familias é, en xeral, o castelán. Aproximadamente un 30% , pertencente ao ámbito rural, emprega o galego cos pais e avós. Arredor dun 5% de rapaces galegofalantes pertencen a núcleos familiares nos que algún membro traballa na docencia.

d) Situación lingüística do centro

Emprégase o galego nas actividades do centro, documentos administrativos e actuacións administrativas de réxime interno. Pero a lingua de comunicación espontánea, en xeral, segue sendo a lingua castelá. É por iso que consideramos necesario un reforzo especial no uso da lingua desfavorecida, neste caso, a nosa lingua, o galego.

O centro pretende garantir que a utilización da lingua galega como lingua de comunicación e ensinanza sexa, como mínimo, igual á da lingua castelá. Preténdese que ao remate do ensino obrigatorio se consiga a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais.

Garantirase, no bacharelato, que o alumno reciba, polo menos, o 50% da súa docencia en galego, para acadar a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas.

Os materiais que se empreguen nas áreas e materias correspondentes, estarán escritos, con carácter xeral, en galego.

2.- DESCRICIÓN DE OBXECTIVOS ADECUADOS A CADA UN DOS CATRO

SECTORES MENCIONADOS.

Contorno sociolingüístico do centro. Desenvolverase unha recollida de datos sobre a competencia lingüística, emprego e valoración do idioma entre o alumnado. Os datos obtidos irán fornecendo unha base de información a partir da cal se poida elaborar unha análise diacrónica da evolución e a deriva dos hábitos e usos lingüísticos entre os mozos e mozas que cursan estudos no centro.

Obxectivos:

-Tentar conseguir que o EDL funcione como unha canle de intercambio de informacións, materiais, experiencias e coñecementos relacionados coa cultura galega en xeral e co ensino en lingua galega en particular.

-Conseguir que o instituto se convirta nun verdadeiro centro que fomente a estima da cultura en xeral e da galega en particular.

-Verificarase o cumprimento da lexislación no ámbito administrativo e, se se dese o caso, faremos o posible por localizar os atrancos que o dificulten para colaborar na súa superación. Dado que o predominio do castelán é evidente, traballarase cara ao reforzo da lingua galega para acadar o equilibrio entre ambas as dúas linguas oficiais.

-Recollida de información referente ao grao de galeguización da vida do centro no relativo á sala de profesores, cafetería, zonas de recreo, biblioteca, Anpa...

O EDL procurará colaborar a remover os obstáculos que se interpoñan no proceso de normalización lingüística da vida escolar; velará tamén polo cumprimento da lexislación en materia lingüística na medida do cabalmente posible e humanamente ao seu alcance.

Situación do profesorado. Para potenciar o uso do galego entre o profesorado teremos en conta os seguintes obxectivos:

-Ofrecese a colaboración do EDL a todos os profesores que o desexen co ánimo de facilitarlles información, apoio e axuda puntual sobre cuestións relacionadas coa práctica da docencia en lingua galega.

-Ofrecer a colaboración do EDL e animar aos diferentes departamentos a que efectúen os seus proxectos didácticos en galego, así como calquera outro documento oficial.

-Mostrar dispoñibilidade para axudar a traducir e para corrixir calquera documento, comunicación, etc. que se produza no ámbito docente ou administrativo.

-Tentar promover a constitución dun Seminario interdisciplinar de Lingua Galega que coadxuvará e complementará o labor do EDL.

-Animar a introducir contidos da realidade cultural galega nas diferentes programacións.

-Organizar actividades, ao longo do curso, en colaboración con outros departamentos dun xeito interdisciplinar.

Situación do alumnado. Obxectivos:

- Fomentar o interese polo coñecemento e emprego da lingua como ferramenta espontánea e necesaria de comunicación.
- Cultivar o interese pola literatura galega no marco ibérico, europeo e universal.
- Facerse eco das actividades que se leven a cabo fóra do centro e que estean relacionadas coa cultura galega.
- Designar un grupo de alumnos para a supervisión da normalización lingüística dos rótulos e carteis do centro.
- Organizar actividades que motiven ao alumno a aprender, usar e estimar a lingua vernácula, procurando que atopen nelas un xeito de divertimento.

Situación lingüística do centro. Obxectivos:

- Conseguir que a produción documental e informativa do centro se faga completa e naturalmente en galego.
- Traballar a prol da eliminación dos preconceptos lingüísticos entre todos os colectivos que conviven no instituto, incluíndo a Anpa.
- Fomentar o interese polo coñecemento e emprego da lingua como ferramenta espontánea e necesaria de comunicación.
- Conseguir que o instituto se convirta nun verdadeiro centro que fomente a estima da cultura en xeral e a galega en particular.

3 DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

PARA ACADAR OS OBXECTIVOS PROPOSTOS.

Para acadar os obxectivos antes mencionados, procuraranse desenvolver as seguintes actividades, algunhas delas xa experimentadas en cursos anteriores e que consideramos axeitadas para conseguir os obxectivos propostos:

Contorno sociolingüístico e situación lingüística do centro.

- Transmitir periodicamente información das novidades bibliográficas en galego a alumnos e profesores.
- Organizar exposicións relacionadas coa cultura galega: fotografías, viñetas humorísticas, documentos... Ofrecerase a outros centros da zona a posibilidade de levar a eles as exposicións realizadas no noso.
- Proporase que os alumnos escollan unha palabra en galego e realicen un deseño en relación con ela. Farase unha exposición no centro cos traballos mellor elaborados.
- Promover encontros, debates e organizar conferencias relacionadas coa cultura galega. Coloquio con algún escritor cuxos libros se propoñan para a lectura nas aulas.
- Traballos de recuperación etnográfica: costumes, lendas, contos, adiviñas, toponimia...
- Celebración do Samaín: exposición de carteis e cabazas talladas. Recollida de lendas, refráns, adiviñas, receitas.
- Difusión por outros centros da zona do novo número da revista “A Touba do Brión” elaborado no centro polo EDL en colaboración con outros departamentos.
- Invitación aos pais e outros membros da Anpa, así como aos alumnos doutros centros á asistencia dalgunha representación teatral levada a cabo no noso instituto.
- Promoción de grupos de traballo interdisciplinares en colaboración co departamento de galego ou o EDL.

Situación do profesorado e do alumnado

- Fomento do emprego do galego na elaboración dos traballos de clase das diferentes materias, así como nas traducións que se realicen nas aulas de linguas estranxeiras.
- Propostas de traducións de cancións actuais noutros idiomas (inglés, francés...) ao galego e interpretación das mesmas con motivo dalgunha celebración, así como a aparición das mesmas na páxina web do EDL
- Concurso de relatos curtos: De Santos e Nadal. Estableceranse tres categorías: 1º ciclo ESO, 2º ciclo ESO e Bacharelato.

- Celebración do Magosto e Samaín. Desenvolvemento de xogos populares entre o alumnado coa fin de recuperalos e ofrecerlles aos rapaces outras alternativas de divertimento máis alá dos xogos dixitais.
- Participación no concurso de haikus do Val Miñor, en colaboración con outros equipos de dinamización da zona (Auga da Laxe e Terra de Turonio de Gondomar, Pro Val de Nigrán)
- Organización dun concurso de cómics.
- Elaboración do novo número da revista “A Touba do Brión”, na que se incluírán as diferentes actividades levadas a cabo nos diversos departamentos ao longo do curso. A participación é interdisciplinar. Difusión da mesma por outros centros da zona e inclusión dela na páxina web.
- Actualización da páxina web do EDL en colaboración co coordinador das TIC.
- Celebración do Día das Letras Galegas adicado este ano á figura de Filgueira Valverde (recital poético, representación teatral, percorrido pola súa vida e obra para dalo a coñecer á comunidade educativa)
- Exposición de fotografías que recollan os erros cometidos ao empregar a nosa lingua en carteis urbanos ou comerciais, para concienciar á comunidade educativa da importancia da corrección no uso da lingua propia.
- Excursións culturais:
 - Excursión a Lisboa*: que achegue aos alumnos á lingua e cultura do país veciño e que os axude a comprender algo máis sobre a súa. Proposta de traballo que recompila información sobre aspectos literarios, artísticos, históricos e gastronómicos da cidade lisboeta e que achegue as propias experiencias do alumnado nesta viaxe.

-*Excursión ao Museo Provincial de Lugo e ao Castro de Viladonga*: Visita ao museo seguindo unha ruta literaria proposta en base a catro contos de autores galegos que os alumnos deben ler previamente. En colaboración co departamento de Historia. Coa axuda da Anpa.

-*Excursión a Celanova*: Visita do Mosteiro de San Rosendo, visita da Casa dos poetas e ruta currosiana (paseo por lugares emblemáticos na vida e obra do celanovés Curros Enríquez). En colaboración co departamento de galego e coa axuda da Anpa.

-*Ruta “A esmorga” e visita a Trasalba*, polo Ourense de Blanco Amor e Otero Pedrayo, para alumnos de 4º ESO

- Elaboración, xunto co departamento de plástica, de marcadores para libros cun lema ou frase célebre que invite ao uso e respecto da nosa lingua e cultura.
- Participación na nova edición da xornada multimedia de *Ponte... nas ondas*.

- Elaboración de carteis, en inglés e en galego, para nomear as plantas do terreo do noso instituto.
- Traballos de recollida de información sobre os nosos devanceiros e proxección deles.
- Celebración do “Día do Libro” en colaboración co departamento de Lingua e literatura castelá.
- Animación á lectura: campañas de lectura, contacontos, conferencias de escritores cuxas obras se propuxeran previamente como lectura obrigatoria.
- Concurso de guións para curtametraxes. Os premiados poderán ter a posibilidade de gravar o seu traballo e proxectalo no centro.

5. Conclusións

O EDL do “IES Val Miñor” realizará as actividades anteriormente expostas, sempre que non atope grandes atrancos que llo impidan. Por veces, poñemos boa vontade e esforzo que non son suficientes para desenvolver todas as actividades que desexariamos; nin tan sequera a súa realización garante conseguir os obxectivos que nos propoñemos. Procuraremos axustarnos ao descrito.

O noso EDL estima que é capital que os recursos investidos na dinamización lingüística sirvan efectivamente para satisfacer a necesidade que se manifesta no noso país actualmente e para tentar conseguir que, no futuro, Galicia e os galegos de toda condición sigan vivindo na lingua propia, conscientes orgullosos e responsables do valiosísimo patrimonio que posúen.

CADRO RESUMO DE ACTIVIDADES

<i>Temporalización</i>	<i>Título actividade</i>	<i>Responsable e departamento a que pertence</i>	<i>Destinatarios</i>	<i>Orzamento</i>	<i>Material necesario</i>
outubro-novembro	Celebración do Samaiñ: tallado de cabazas, magosto; Xogos populares.	Teresa Grande, Andrés R. Díaz, Adela Departamento de galego, vicedirección, educación física	Alumnos da ESO e Bacharelato	100 €	Agasallos xogos
Nadal	Entrega de premios do concurso de relatos “de Santos e Nadal”	Teresa Grande. Departamento de galego e coordinadora do EDL	Alumnos da ESO e Bacharelato	150 €	Agasallos concurso
Febreiro	Elaboración de carteis para nomear as plantas en galego e inglés	Obradoiro de iniciativas emprendedoras. Lurdes Arias	Alumnos 4 ESO	50 €	Material de papelería
	Creación de deseños en torno á palabra galega preferida Exposición	Departamento de galego e de plástica. Lola Arjones	Alumnos 1º ESO e 4º ESO	50 €	Material de papelería e enmarcado para a exposición.
Febreiro-marzo	Traballos sobre os devanceiros.	Obradoiro de iniciativas emprendedoras. Lurdes Arias	Alumnos 4º ESO	50 €	Agasallos para os participantes
Xaneiro-maio	Elaboración da revista “A Touba do Brión”	Teresa Grande, coordinadora do EDL e Fernando García, profesor de Pedagogía Terapéutica.	Alumnos de ESO e Bac	800 €	Gastos de impresión
Marzo	Excursión a Lisboa	Departamento de galego e profesor de Pedagogía Terapéutica. Fernando García, Teresa G. Carne Giráldez	Alumnos de 1º Bac	100 €	Entradas museos e bibliografía
Abril	Concurso de cómics	Departamento de galego e plástica Lola Arjones	Alumnos Eso e Bac	100 €	Agasallos aos premiados
Abril	Excursión ao Museo de Lugo e Castro de Viladonga	J. Ramón Sueiro. Departamentos de galego e Historia	Alumnos de 2º ESO	100 €	Entradas museos e bibliografía
Abril	Concurso de guións para curtametraxes	Fernando García, Teresa Grande. Profesor de Pedagogía Terapéutica e Departamento de Galego	Alumnos de 3º e 4º ESO	100 €	Agasallos e material de rodaxe
	Visita dalgún autor para falar da súa	Departamento de galego Ilda Nogareda	Alumnos 1º Bac	50 €	

	obra				Agasallo e xantar
Abril	Celebración do Día do Libro	Departamento de galego e castelán. Ilda Nogareda e Nieves Ibarra.	Alumnos de ESO e Bac		
Maio	Concurso de haikus	Departamento de galego e EDL, con outros centros do Val Miñor.	Alumnos de ESO e Bac	350 €	Actuación entrega premios e agasallos
Maio	Celebración das Letras Galegas. Recital poético	Departamento de galego Teresa Grande	Alumnos de ESO e Bac	50 €	Agasallos para os lectores
Maio	Elaboración de marcadores	Departamento de plástica. Dolores Arjones.	Alumnos de Bac e da ESO	50 €	Cartulina e plastificación
Maio	Visita a Celanova. Ruta currosiana	Carme Giráldez. Departamento de galego	Alumnos de 3º ESO	100 €	Entradas museos e bibliografía
Maio	Excursión a Ourense: <i>Ruta A Esmorga</i> . Visita á Trasalba de Otero Pedrayo	Departamento de galego. Teresa Grande, Mª do Carme Giráldez	Alumnos 4º ESO	100 €	Museos e bibliografía
Maio	Participación na edición XXI de Ponte...nas ondas	Departamento de galego, obradoiro de iniciativas e PT. Teresa Grande e Lurdes Arias	Alumnos da ESO e Bac	100 €	Bibliografía e desprazamento e audiovisual

TOTAL.....2.400 €

A coordinadora do proxecto comprométese a desenvolver as actividades programadas no caso de obter o financiamento suficiente

Nigrán , 27 de febreiro de 2015

A coordinadora do Proxecto:

Teresa Grande Piñeiro

Vº e prace o director:

Fernando Lahuerta Mouriño